



# LÓVA dende a Biblioteca Escolar como base e recurso

V Concurso de Traballos por Proxectos

IES Punta Candieira  
Rúa do Ensino s/n  
Cedeira



Enlace do proxecto: [LÓVA BE](#)

# #1



“Entre otras muchas cosas, la escuela tiene entonces el enorme reto de formar alumnos activos, participativos, con autoconfianza, autónomos, curiosos, adaptados al cambio, independientes, reflexivos y más capaces de planificar y evaluar su propio aprendizaje. Personas capaces de construir su plan de vida contribuyendo a su plan personal pero también participando de forma activa y solidaria con otros. Ciudadanos que sean capaces de cumplir sus deberes y ejercer sus derechos”

Carlos Magro

## A Introducción

A Biblioteca Escolar do IES Punta Candieira está integrada por un equipo de 11 docentes e ten carácter multidisciplinar. Coa intención de contribuír ao desenvolvemento da aprendizaxe dende unha perspectiva innovadora, o devandito equipo desenvolveu este curso académico un traballo por proxectos: LÓVA (*La Ópera como Vehículo de Aprendizaje*). Dito proxecto estivo avalado polo CFR de Ferrol e constituíu unha liña de traballo do PFPP bianual do centro. Os profesores implicados máis directamente no proxecto desenvolveron as súas clases de maneira conxunta, na biblioteca, para concretar un traballo cooperativo, dar impulso á educación emocional, fomentar a igualdade e adquirir as competencias dende unha metodoloxía innovadora.

Punto de encontro: a biblioteca escolar. Como base de operacións e recurso fundamental de aprendizaxe.

Como en todos os traballos por proxectos, existía un produto final que non se debía perder de vista. Neste caso, a representación dunha ópera creada polos alumnos. Pero a finalidade última dos traballos por proxectos artéllase arredor do propio proceso de aprendizaxe que é o que dá pulo a unha forma de aprender innovadora. Queríamos que, dende o traballo colaborativo, os alumnos acadaran autonomía na aprendizaxe das distintas profesións que se precisan para a montaxe dunha ópera. Ao final do proceso, ademais do produto, os alumnos aprenderon a tomar decisións consensuadas, escribir un libreto, compoñer música, argumentar, contraargumentar, reflexionar sobre os contidos dos temas e teses que eles mesmos elixiron, fundamentar documentalmente, manexar fontes bibliográficas e gráficas, deseñar e ampliar os seus coñecementos artísticos e culturais.

Nivel educativo	Alumnos implicados	Profesores con docencia compartida	Profesores implicados no proxecto
1º Bacharelato	32	4	7

## Apartados:

	Pax
<b>A) INTRODUCCIÓN</b>	<b>2</b>
• Calendario	
• Liña do tempo	
• Contidos, estándares e competencias do proxecto.	
<b>B) OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTO</b>	<b>6</b>
<b>C) DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA</b>	<b>6</b>
<b>D) DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO</b>	<b>7</b>
<b>E) RELACIÓN DE TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS</b>	<b>7</b>
<b>F) RECURSOS UTILIZADOS / ENUMERACIÓN DETALLADA DAS FONTES CONSULTADAS</b>	<b>9</b>
<b>G) IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA</b>	<b>12</b>
<b>H) DIFUSIÓN DOS TRABALLOS</b>	<b>12</b>
<b>I) AVALIACIÓN</b>	<b>13</b>
<b>J) FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR</b>	<b>14</b>





## Calendario - Liña do tempo

Semá 1	2	3	4	Semá 5	6	7	8
setembro	setembro	setembro	setembro	outubro	outubro	outubro	outubro
primeira reunión	nome da compañía		logotipo	tema	presentar profesións		tese
			nome da compañía		logotipo		presentar as profesións
							tema
crear equipo	documentar o proceso				conexións		explorar o tema

Semá 9	10	11	12	Semá 13	14	15	16
novembro	novembro	novembro	novembro	decembro	decembro	decembro	decembro
crear personaxes	solicitudes de profesións	reparto de profesións	motivación de personaxes	relaciones personaxes	conflito	lugar e tempo	
tese			crear personaxes	motivación de personaxes	relacións personaxes	conflito	lugar e tempo
profundizar				aprender de erros	excursións	metáforas	

Semá 17	18	19	20	Semá 21	22	23	24
xaneiro	xaneiro	xaneiro	xaneiro	febreiro	febreiro	febreiro	febreiro
	estrutura dramática			libreto		título	
				estrutura dramática			
	investigar lugar/tempo			invitados especiais		reflexionar	escribir compartir

Semá 29	30	31	32	Semá 33	34	35	36	Semá 37	38
abril	abril	abril	abril	maio	maio	maio	maio	xuño	xuño
								recollida	avaliación
								funcións	
	integrar todo								

### Lenda:

Verde: comezo da actividade

Vermello: remate da actividade

Amarelo: actividade continua

## Organización



### Horas conxuntas

Mércores: 13:00 a 13:50  
1º Bach. A + 1º Bach. B

Xoves: 11:05 a 12:20  
1º Bach. A + 1º Bach. B

Venres: 11:05 a 12:20  
1º Bach. A + 1º Bach. B

**Lugar : Biblioteca**

### Horas ordinarias

Todas aquelas que os profesores implicados dedican no seu horario a implementar o proxecto no desenvolvemento da súa materia e no seu grupo. Con igual metodoloxía e coa carga horaria correspondente.

### Horas extraordinarias fixas

Luns: 10:20 a 11:05

Hora de coordinación do equipo interdisciplinar.

### Horas extraordinarias non fixas

**Relatorios:** determinadas pola dispoñibilidade dos profesionais

**Ensaio:** determinadas pola dispoñibilidade dos alumnos



## Contidos, estándares e competencias do proxecto

A concepción metodolóxica do proxecto xiraba, tal como se amosa no cadro da páxina 3, arredor de tres clases semanais conxuntas, de tal maneira que tanto unha grande parte do currículo como os estándares e as competencias tratáronse de xeito integral entre as seguintes materias:

### Historia do Mundo Contemporáneo

#### CONTIDOS:

As relacións internacionais e o equilibrio europeo: as Grandes Guerras  
Manifestacións artísticas do momento: cultura e arte  
O concepto de clase social e os movementos obreiros  
A época das revolucións (s.XIX e XX)  
Colonialismo  
Economía e sociedade  
Fascismo europeo e nazismo alemán  
O Holocausto  
Capitalismo e Comunismo  
A Guerra fría: a caída do Muro  
O estado do benestar  
Tempo, fontes e vocabulario histórico e artístico

#### ESTÁNDARES:

Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, empregando fontes primarias ou secundarias e as novas tecnoloxías da información  
Identifica causas e consecuencias dos grandes conflitos europeos  
Debate de forma argumentada e coherente sobre os aspectos máis relevantes e transformadores da sociedade e da arte  
Interpreta e comenta mapas e realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos máis relevantes, axudándose de fontes e recursos diversos  
Analiza, sintetiza, expón e compara con criterio

#### COMPETENCIAS:

CSC / CCL / CAA / CD / CMCCT

### Lingua e Literatura galega

#### CONTIDOS:

Elaboración de traballos individuais e en grupo de carácter literario tanto orais como escritos  
Consulta de fontes da información e recursos variados  
Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa, ben sexan expositivos ou argumentativos  
Desenvolver a escoita activa, cooperando e con respecto  
Produción de textos e discursos orais empregando a argumentación, a cohesión e a corrección  
Aplicación das estratexias e coñecementos facendo fincapé na función social da lingua

#### ESTÁNDARES:

Recoñece e comprende textos e discursos, recollendo as ideas fundamentais  
Analiza e sintetiza o contido das distintas fontes de consulta  
Utiliza o rexistro axeitado á situación comunicativa  
Presenta contidos de xeito claro, coherente e ordenado respectando outras exposicións  
Emprega axeitadamente as distintas fontes documentais

#### COMPETENCIAS:

CCL / CAA / CSE / CSIEE / CCEC





## Linguaxe e práctica musical

### CONTIDOS:

Destrezas musicais na interpretación vogal, entoación individual e colectiva e interpretación instrumental

Audición comprensiva

Coñecemento da teoría musical

Creación interpretación, facendo fincapé na expresión corporal e a participación activa na realización de actividades

As tecnoloxías aplicadas ao son

### ESTÁNDARES:

Interpreta instrumental e vocalmente de forma axustada ás estruturas rítmicas

Practica a lectura e escritura musical

Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais... das obras escoitadas ou interpretadas

Practica variantes de fórmulas musicais coñecidas e improvisa libremente

Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros

Emprega instrumentos cunha técnica correcta

Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos adquiridos

Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico

Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe musical

### COMPETENCIAS:

CAA / CSC / CMCCT / CCEC / CD / CSIEE



## Outras materias

Ademais das sinaladas, outras materias implementaron LÓVA nas súas programacións didácticas e na aula correspondente. Fundamentalmente tratouse de metodoloxía e apoio ás clases da biblioteca e ao proxecto, por non dispoñer de posibilidades horarias ou tratarse de materias optativas.

As materias implicadas foron:

- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais
- Francés Segunda Lingua Estranxeira
- Antropoloxía
- Voluntariado Escolar



## Filosofía

### CONTIDOS:

Textos filosóficos e pertencentes a outras ramas do saber  
Composición escrita de argumentos e reflexión filosófica e de discursos orais manexando as regras básicas da retórica e a argumentación

Uso dos procedementos de traballo intelectual, incluíndo os das tecnoloxías da información e comunicación

Reflexión sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico

A reflexión filosófica sobre o ser humano e o sentido da existencia

Razóns, emocións e liberdade

A ética como reflexión sobre a acción moral

### ESTÁNDARES:

Analiza de xeito crítico todo tipo de textos filosóficos

Argumenta e razoa as súas opinións de forma oral e escrita, con claridade, coherencia e demostrando un esforzo creativo

Selecciona e sistematiza información obtida tanto de libros específicos como de internet, usando as novas tecnoloxías

Aplica o vocabulario específico con rigor

Elabora esquemas e mapas conceptuais amosando comprensión dos eixes conceptuais estudados

Recoñece as principais problemáticas filosóficas

Extrae conclusións razoadas sobre os principais problemas filosóficos

Diserta sobre o ser humano nas súas facetas máis relevantes: cultural, científica, metafísica, ética e estética

Sabe recoñecer argumentos falaces e analizar contidos contrastando distintas fontes de documentación

### COMPETENCIAS:

CMCCT / CAA / CCL / CSC / CD / CCEC / CSIEE



B

## Obxecto ou temática de investigación propostos

A temática veu delimitada por dous aspectos relevantes:

- A metodoloxía LÓVA
- A vontade de que a biblioteca se convertera en base e recurso

Cando falamos de base, non falamos meramente de apoio, senón de espazo físico que servira para desenvolver o traballo diario e se convertera no espazo creativo que resultou ser. Esta vontade serviu para determinar a temática xeral.

Pero foron os alumnos os que delimitaron o obxecto e a temática específica. Non se parte dun tema elixido previamente, senón que son eles quen o determinan. Ese tema foi decidido xunto coa tese, o contexto, o lugar e o tempo, e o desenvolvemento da estrutura dramática propia da ópera que tiñan que crear.

Obxecto: creación dunha compañía de ópera

Produto final: representación da ópera creada, en galego, con tres funcións en datas e escenarios diferentes.

Tema: O futuro

Subtemas: A educación e a guerra

Lugar e tempo: Un búnker, nun futuro próximo

C

## Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Pasos previos para o profesorado:

- Aprobación por parte do Claustro e Consello Escolar para participar no proxecto LÓVA
- Curso formativo no verán organizado polo CFR de Ferrol
- Liña de traballo nun PFPP bianual
- Solicitud dun Contrato Programa
- Curso de formación para facer programacións didácticas LÓVA, no CFR de Ferrol
- Compaxinación de horarios coa Xefatura de Estudos para as clases conxuntas

Os alumnos:

- Creación da Compañía de ópera
- Nome da Compañía
- Deseño e elección do logo
- Tema
- Tese
- Elección de profesións
- Creación de personaxes

**Nome:** ∏ - Us (*pious*)  
**Orixe:** latín ("aquel que é máis importante para unha persoa")  
**Logo:** ∏ (do grego; representa o infinito)  
 Us (nós en inglés)  
**Significado:** a unión como compañía podería levarnos ao infinito  
**Simboloxía:** diapason (música) e libro (Biblioteca)





- Relación entre personaxes
- Desenvolver personaxes e música
- Definición do conflito
- Tempo e lugar
- Crear estrutura dramática
- Escritura do libreto
- Creación da montaxe e produción por parte de todas as profesións
- Montaxe
- Produción
- Actuacións
- Avaliación

## D Documentación elaborada para profesorado e alumnado

A canle de comunicación elixida para a documentación, deseño de tarefas, compartir eventos e novas, así como para avaliar e transmitir información foi Google Suite. Todos os alumnos de 1º de Bacharelato e profesores dispuxeron dunha conta de correo corporativa con dominio [iescedeira.org](mailto:iescedeira.org). A plataforma elixida para todas as actividades foi Classroom. Creamos un aula LÓVA para profesores e outra para alumnos. A efectos desta memoria, unificamos en aula LÓVA BE ([Documentación](#))

## E Relación das tarefas máis importantes realizadas polo alumnado

A metodoloxía LÓVA leva implícita a autonomía e independencia do alumno. É por iso que cómpre dicir que todas as tarefas realizadas neste proxecto foron levadas a cabo por eles. Os profesores implicados exercimos como orientadores ou facilitadores nalgúns casos, como a compra de materiais. Pero as decisións tomáronas eles de forma conxunta, por acordo e sen votación. Neste punto é importante dicir que a argumentación como base do diálogo foi un elemento esencial para desenvolver o proxecto en todas as súas vertentes. Os retos e rutinas para exercer o uso da palabra e escoitar activamente facilitaron a toma de decisións por parte da compañía.

Tarefas realizadas como Compañía:

- Creación e deseño do logo ([logo](#))
- Creación e definición dos personaxes ([personaxes](#))
- Creación do tema e a tese ([tema e tese](#))
- Toma de decisións sobre a resolución das relacións e conflito creado entre personaxes. Esa resolución tivo grande incidencia no plantexamento da obra posto que os alumnos tomaron a decisión de que "non hai futuro", conclusión que deu un enfoque particular a todas as tarefas creativas

- Análise do contexto no que se desenvolve o tema e a trama. Polas súas características, tanto no referido ao lugar como ao tempo, considerouse a posibilidade de realizar unha viaxe para documentar o contexto. Elixiuse Berlín porque encaixaba en todos os requisitos e aportou unha grande base documental para unha trama que se desenvolvía nun período de guerra e cunha reflexión sobre o futuro (visita a campo de concentración, a un búnker, muro, memoria do Holocausto...) ([Viaxe a Berlín](#))
- Desenvolvemento da estrutura dramática ([Estrutura dramática](#))
- Os alumnos LÓVA desenvolveron unha grande actividade musical ao longo do curso que serviu de base para concretar máis tarde o seu proxecto de ópera. Os dous grandes eventos que se desenvolveron neste sentido foron:
  - Día de Rosalía: sobre a base do poema *Silencio*, de Follas Novas, con música orixinal interpretada polos alumnos no IES ([Silencio-Rosalía](#))
  - Festival 27 de abril: como integración do traballo desenvolvido no ámbito musical e para dar a coñecer, ademais, outro traballo por proxectos que unha parte dos alumnos realizaron en colaboración coa BE do CEIP ("De festas pola Vila") desenvolveuse este festival musical onde se integrou a escenificación dos maíos no Auditorio de Cedeira ([27 de abril](#))
- Representacións das funcións
  - Día 11 de xuño no Salón de Actos do IES Punta Candieira para o alumnado do centro
  - Día 18 de xuño no IES Fernando Blanco de Cee, nunha iniciativa de intercambio de ópera por teatro. A Compañía [] - Us trasladouse a Cee para representar a súa obra e a Compañía Tuéjele teatro veu a Cedeira para pór en escena a súa representación teatral de *Rebeldes* ([Intercambios](#))
  - Día 20 de xuño no Auditorio Municipal de Cedeira con asistencia das familias, autoridades e outros centros de primaria onde se está a desenvolver o proxecto ([Estrea Auditorio](#))
  - Recollida de materiais e espazos empregados

#### Tarefas realizadas polos alumnos no desenvolvemento das súas profesións:

- **Relacións Públicas:** Elaboración da cartelería para o festival 27 de abril e para as Funcións da ópera; deseño e envío de invitacións para a función do Auditorio Municipal e elaboración do tríptico que se lles entregou aos asistentes a dita representación; contacto cos medios e difusión a través das redes sociais ([Relacións Públicas](#))
- **Documentalistas:** Documentación gráfica de todo o proceso de creación e representación; elaboración de entrevistas ao membros da Compañía; creación dun tráiler con momentos dos ensaios; exposición de todos os elementos esenciais do proceso e documentos xerados que se amosou ao público antes de todas as representacións; deseño e elaboración do Making-off proxectado na estrea do Auditorio Municipal de Cedeira ([Documentalistas](#)) ([Making-off](#))
- **Compositores:** Compuxeron e interpretaron a música para a ópera ([Compositores](#))
- **Escenógrafos:** Deseño da escenografía e elaboración do atrezzo, en moitas ocasións con material de refugallo ([Escenógrafos](#))
- **Figurinistas:** Deseño, elaboración e recompilación dos elementos do vestiario ([Figurinistas](#))
- **Iluminadores:** Deseño da iluminación e elaboración de focos ([Iluminadores](#))
- **Escritores:** Elaboración e escritura do guión e as cancións. Tradución do libreto ao francés ([Escritores](#)) ([Libretos](#))
- **Maquilladores:** Deseño e execución das labores de maquillaxe e perruquería ([Maquilladores](#))



- *Intérpretes*: Desenvolven o libreto no escenario e interpretan as cancións creadas polos compositores ([Intérpretes](#))
- *Rexedora*: Coordina e dirixe traballos, ensaios, fai seguimento da elaboración do libreto, aporta cambios en función das necesidades ou carencias das demais profesións ([Rexedora](#))
- *Director de produción*: Enlace entre os membros da compañía e a comunidade educativa; tramitación de espazos de creación e ensaio; elaboración do discurso de presentación e clausura os días das funcións ([Director](#))

## F Recursos utilizados e fontes consultadas

### Recursos humanos

#### Invitados especiais



**Roxo  
Roxinho**

O primeiro dos invitados especiais. Un profesional que veu contar sobre o funcionamento da produción dunha obra ben teatral ou musical. Membro de Paíños sen fronteiras, traballa Culturactiva S, Coop. Galega, moito máis que unha empresa de xestión cultural.

Promotor e manager de artistas galegos ([Roxo](#))



**Mario do Severo**

Mario do Severo, mestre, músico e escritor acababa de publicar o seu primeiro libro de poemas *Cadaleito*, cando veu falar á biblioteca sobre creación literaria.

Aproveitando a publicación das tres primeiras cancións en maqueta do seu grupo *Os Benignos*, os alumnos conversaron con el sobre as diferenzas entre creación literaria e musical ([Mario](#))



**Pablo Fernández  
Baz**

Deseñador de iluminación, manager e técnico iluminador e director de produción para compañías e escenarios como o London Coliseum.

Ilustrou aos alumnos sobre as influencias da iluminación na escenografía, no vestiario e no deseño de maquillaxe ([Pablo](#))



### **Rafael López Loureiro**

Mestre, etnógrafo e naturalista ilustrou aos alumnos sobre a maneira de contar historias. A importancia da tradición oral na transmisión de cultura ([Rafa](#))



### **Miguel Gil**

Mestre xubilado e ex-coordinador de LÓVA España desenvolve o proxecto no cárcere. Falou da experiencia aos alumnos ([Miguel Gil](#))



### **Jose Prieto**

Dramaturgo e actor. Premios Max ao Mellor autor teatral galego no 2003 e 2005

Premio María Casares ao Mellor texto orixinal e Mellor música orixinal.

Escenificou e plantexou unha clase acelerada de interpretación ([Jose Prieto](#))



### **Guadi Galego**

Que Guadi Galego fixera unha visita á nosa Biblioteca viña sendo unha teima que por fin se concretou.

Un piano, un micro, unha voz prodixiosa nunha muller, escritora e música, que falou de composición e interpretación pero tamén de educación, de educación en feminino e de LÓVA.

Cantamos todos varios dos seus temas pero o máis destacado foi Cedeira. Medrou a area e o mar!

([Guadi](#))



### Recursos tecnolóxicos e dixitais

- Google Suite e aulas Classroom
- Cámara de fotos, vídeo, móbiles e tablets
- Aplicacións de edición de vídeo e fotografía:
  - iMovie
  - Photosohp
  - iPhoto
  - Painnt
- Paquetes ofimáticos de Microsoft, MacHintosh e LibreOffice
- Programas e plataformas para gravación de música e audio:
  - SonCloud
  - GarageBand

### Recursos tecnolóxicos e dixitais

- Para o deseño e elaboración da proposta:
  - Piquín Cancio, R. (2010). *"Biblioteca escolar, centro de recursos integrado en la práctica educativa"* en e-Co Revista digital de Educación nº 7
  - Magro, C. (2016). *Abrir la educación y expandir el aprendizaje* [post de un blog]. co.labora.red. Recuperado de <https://carlosmagro.wordpress.com/2016/04/30/abrir-la-educacion-y-expandir-el-aprendizaje/>
  - LÓVA: Proyecto LÓVA. Disponible en <http://www.proyectolova.es>
  - Arendt, H (2006) *Los orígenes del totalitarismo*. Madrid. Alianza
  - Bauman, Z. (1998) *Modernidad y holocausto*. Sequitur. Madrid
- Para o desenvolvemento do proxecto:
  - Ponte, P. *As Vangardas* [post de blog] As Vangardas. Recuperado de <http://asvangardas.blogspot.com/2008/03/localizacin-literaria.html>
  - De Tomás, A. (2014) *Las profesiones relacionadas con la música escénica*. Recuperado de <https://prezi.com/gifg3ofqjhg5/las-profesiones-relacionadas-con-la-musica-escenica/>
  - Cubero, D. (2017) *Cómo usar la música en un guión*. Recuperado de <http://www.davidestebancubero.com/17-como-usar-la-musica-en-un-guion/>
  - WikiHow. *Cómo escribir un guión para una obra de teatro*. Recuperado de <https://es.wikihow.com/escribir-un-guion-para-una-obra-de-teatro>

**G**

## **Implicación da comunidade educativa**

### O equipo da biblioteca

Xa se dixo no apartado A que a Biblioteca Escolar Punta Candieira está conformada por un equipo de 11 docentes e os motivos polos cales non todos tiveron unha participación directa nas clases conxuntas. Pero todos colaboraron dende distintas fronteiras. Nomeadamente:

- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais: incorporación de ferramentas para a escenografía e unha clase conxunta sobre o número  $\Pi$
- Francés: axuda e soporte para a tradución do libreto
- Tecnoloxía: axuda para o emprego de ferramentas TIC
- Bioloxía: axuda nos ensaios, no deseño do proxecto e na consolidación da metodoloxía
- Lingua Castelá e Literatura: apoios para a redacción do libreto e recursos bibliográficos
- Electricidade: clases prácticas e teóricas nos talleres para a construción dos focos por parte dos Iluminadores

Todos os profesores do equipo que traballaron cos alumnos LÓVA, incorporaron, nos casos en que lles daban clase, unha avaliación porcentuada nas súas programacións didácticas, atendendo a estándares e competencias das súas propias materias

### A comunidade educativa

- Apoio explícito do Claustro de profesores e Consello Escolar para o desenvolvemento do proxecto
- Apoio das ANPAS e, máis directamente das nais e pais dos alumnos implicados cos que se celebraron tres reunións ao longo do curso
- Apoio e colaboración do persoal non docente para a tramitación de espazos e materiais

### As institucións

- O Concello de Cedeira a través da súa Concellalía de Cultura, Concellalía de Educación e sobre todo a través do seu Axente Cultural que nos facilitaron o acceso ao Auditorio Municipal e todos os seus recursos

**H**

## **Difusión dos traballos entre a comunidade educativa**

### A través de plataformas dixitais:

- Google Suite a través de aulas Classroom

### Exposición da documentación xerada, na Biblioteca:

- Material elaborado polos documentalistas
- Libreto
- Partituras

### Redes sociais:

- Facebook da biblioteca. O maior emprego desta rede sobre outras ven motivado porque moitas familias emprégana como canle de comunicación coa biblioteca ([Facebook](#))
- Blog da biblioteca ([LÓVA](#))
- [Twitter](#)
- [Instagram](#)
- [Youtube](#)

### Medios escénicos:

- Dúas representacións no IES Punta Candieira
- Unha representación no IES Fernando Blanco de Cee
- Unha representación para familias e pobo de Cedeira no Auditorio Municipal

## Alumnado:

- Avaliación conxunta das 4 materias relacionadas no apartado A
- Metodoloxía de avaliación conxunta: [rúbricas](#) ([Rúbricas](#))

Alumna:
Nota media da rúbrica

Peso da rúbrica para a actividade dos Ensaíos, Estreas e Recollida: 50%					
ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE	COMPETENCIAS CLAVE	DESEMPEÑO BAIXO 2,5	DESEMPEÑO MEDIO 5	DESEMPEÑO ALTO 7,5	DESEMPEÑO MÁXIMO 10
Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	SIEE	Nos traballos de equipo esforzase pouco contribúe minimamente.	Traballa en equipo aportando o imprescindible sen interiorizar o obxectivo como a súa propia meta.	Esforzase moito nos traballos de equipo e preocúpase por alcanzar o obxectivo.	Traballa en equipo con moita dedicación, e valora o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.
É coidadoso na presentación do traballo.	CMCCT	Presenta traballos de maneira desordenada e incompreensible.	Presenta traballos con certa estrutura, pero con demasiados detalles.	Presenta traballos cunha boa estrutura destacando a información máis relevante.	Presenta traballos destacando a información máis relevante, coidando os detalles da presentación (imaxes, gráficas, etc.)
Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.	CSC, SIEE	Participa pouco nos traballos de grupo e non asume as súas responsabilidades.	Participa na planificación do traballo en grupo e asume as súas responsabilidades.	Planifica traballos en grupo, acepta responsabilidades e toma certas decisións individualmente.	Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.
Forma parte activa en las dinámicas de grupo.	CSC	Mostra pouco interese en participar nas dinámicas de grupo.	Participa nas dinámicas de grupo pasivamente.	Forma parte activa nas dinámicas de grupo.	Propón e dirixe as dinámicas do grupo.
Afronta o erro como parte da aprendizaxe e pon medios para superalo.	CMCCT	Frústrase moito cando comete un erro e supéao só con moito apoio e axuda directa.	Frústrase moito cando comete un erro, pero con axuda consegue encontrar as solucións para amañalo.	Entende que o erro forma parte do proceso de aprendizaxe e intenta controlar a súa frustración.	Afronta o erro como parte da aprendizaxe e pon medios para superalo.
Nota media da rúbrica					

Nota media das rúbricas LÓVA	
Nota LÓVA de Lingua Galega	
Nota LÓVA de Filosofía	
Nota LÓVA de Música	
Nota LÓVA de Historia	

## Familias

- Enquisas realizadas ás familias para valoración do proxecto ([Enquisas](#))

## Enquisa ás familias LÓVA

QUE DIFERENZA HAI ENTRE O QUE PENSACHES ENTÓN E O QUE PENSAS AGORA?	
Que conseguiron traballar xuntos	1
A boa organización	1
A aprendizaxe e actitudes do grupo	3
A implicación de alumnos e profesores	2
A amplitude do proxecto e a creatividade	4
Aprendimos dos nosos fillos	3
Que non todo se basea nas notas	2
Non é un experimento, é unha nova forma de aprender	1
Equivoqueime pensando que non tería un bo fin	1
A sorte de ter participado neste proxecto	3
Confirmou todas as miñas expectativas	4
Que o importante era o proceso	4
Que terían que facer LÓVA todos os cursos	3
TOTAL	32







## I

### Función e participación da Biblioteca Escolar en todo o proceso

A biblioteca como base e recurso forma parte do título deste proxecto. Literalmente a biblioteca foi:

- Orixe: alí naceu a idea
- Plantexamento: alí se desenvolveron os primeiros esbozos
- Ubicación: ou casa, fogar, "aquelos que máis valoramos", Π - **Us**, en definitiva
- E fonte de recursos, físicos, documentais, emocionais, mediáticos e dixitais.

Se LÓVA foi todo durante un curso académico, a biblioteca escolar foi quen deu pulo e acubillou a ilusión dese facer